



## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** DECLARACIÓN DE TRES DÍAS DE LOITO OFICIAL POLO FALECIMENTO DUN MEMBRO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE CEE.

**EXPEDIENTE DECRETO Nº 2026/G003/000899**

Tendo coñecemento do falecemento de **D. JESÚS MANUEL GARCÍA LEAL**, membro da Policía Local do Concello de Cee, e ante a profunda consternación causada polo seu pasamento entre os seus compañeiros e compañeiras, o persoal municipal e a veciñanza.

Considerando a súa condición de empregado público municipal e membro do Corpo da Policía Local, así como os servizos prestados ao Concello de Cee e á súa cidadanía no exercicio das súas funcións.

Considerando que corresponde á Alcaldía a representación do Concello, a dirección do goberno e da Administración municipal, a xefatura superior de todo o persoal e a xefatura da Policía Municipal, de conformidade co disposto no artigo 21.1.a), b), h) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En atención ao anterior, como testemuño do pesar da Corporación municipal e en sinal de respecto, recoñecemento e solidariedade coa súa familia, persoas achegadas e compañeiros e compañeiras da Policía Local,

## RESOLVO:

**Primeiro.** Declarar **tres días de loito oficial no Concello de Cee**, desde as 00:00 horas do día **27 de agosto de 2026** ata as 24:00 horas do día **29 de agosto de 2026**, polo falecemento de **D. JESÚS MANUEL GARCÍA LEAL**, membro da Policía Local deste Concello.

**Segundo.** Dispoñer que, durante o período de loito oficial, as bandeiras dos edificios municipais ondeen **a media hasta**, como mostra de respecto e pesar.

**Terceiro.** Suspende, durante o período de loito oficial, os actos institucionais de carácter festivo organizados polo Concello que resulten incompatibles coa declaración de loito.

**Cuarto.** Trasladar, en nome da Corporación municipal e de todo o persoal do Concello de Cee, as máis sentidas condolencias á familia e ás persoas achegadas do falecido, así como aos seus compañeiros e compañeiras da Policía Local, expresándolles o respecto, afecto e solidariedade desta institución nestes difíciles momentos.

**Quinto.** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos municipais e á Xefatura da Policía Local para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
correo@cee.gal  
www.cee.gal

**Sexto.** Publicar a presente resolución na sede electrónica e nos medios institucionais do Concello de Cee, así como dar conta dela ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

En Cee, na data da sinatura electrónica.

A ALCALDESA  
D.<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán

A SECRETARIA  
Rocío Hermida Cancela